

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Documento no que se concretan todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o CEIP Francisco Vales Villamarín diseña e desenvolve

INTRODUCCIÓN

O presente Plan de Atención á diversidade, ten como obxectivo principal dar unha resposta educativa a todo o alumnado tendo en conta os principios que establece a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación no seu artigo 1: calidade, equidade, inclusión e non discriminación.

En base a estes principios e atendendo ao disposto no **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**, este Plan de Atención á diversidade constitúese como un documento no que se concretan todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o CEIP Francisco Vales Villamarín deseña e desenvolve. Entendemos por atención á diversidade *o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de TODO o alumnado.*

Tendo en conta a normativa vixente cando falamos do concepto de diversidade facemos referencia a TODO o alumnado e temos en conta que é responsabilidade de TODO o profesorado. Consideramos a diversidade como un valor en sí mesmo baseándonos na idea de que cada un de nós ten unha singularidade social, biolóxica, psicolóxica, social e cultural (alumnos e alumnas, familias, mestres e comunidade educativa en xeral)

Polo tanto, este plan elabórase coa finalidade de garantir a atención á diversidade e pretende, atendendo ao marco normativo vixente, establecer as liñas e principios xerais de actuación que permitan dar unha resposta axeitada á diversidade do noso centro.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O Ceip Francisco Vales Villamarín é o único Centro Público de Infantil e Primaria do concello de Betanzos. Escolariza alumnos e alumnas do propio Betanzos e, a partir de primaria, dos concellos limítrofes de Coirós e Paderne; conta ademais con catro Escolas Unitarias adscritas (Coirós de Arriba, Fontelo, Viñas e Areas). Na actualidade, con 43 unidades (13 EI e 30 EP), 67 mestres, 2 coidadoras, 9 traballadores e traballadoras da administración e servizos e 986 alumnos e alumnas, é o centro educativo de infantil e primaria máis grande de toda a Comunidade Autónoma.

Betanzos é un pobo cunha densidade de poboación elevada: uns 10.000 habitantes na zona urbana e uns 3000 na zona rural, observándose nos últimos tempos un éxodo da zonas rurais ás urbanas.

As actividades ás que máis se adica a poboación é ao sector servizos sendo as pequenas empresas familiares as máis numerosas. Nas zonas limítrofes é tamén importante a gandería (cada vez menor) e a horta. Nos últimos anos un dos sectores máis en alza foi o da construción e instalacións e montaxes. A diversidade neste sentido ven dada polos nenos e nenas que residen no rural (os menos) fronte aos que residen na zona urbana e polas características derivadas das ocupacións das súas familias.

O asentamento da poboación é estable e convívese, en xeral, en familias nucleares. Nos últimos tempos obsérvase un aumento das familias monoparentais e extensas. Neste sentido este plan propondrá medidas que vaian encamiñadas á aceptación das familias diversas e das persoas maiores e o seu respecto por parte de toda a comunidade educativa.

O centro escolarizar ao redor dun 8% de alumnos e alumnas nados fóra de España e procedentes na súa maioría de países de fala hispana e con coñecemento da lingua. Sobre o 1% son atendidos por parte do Departamento de Orientación (ben por descoñecemento da lingua ou por desfase curricular) Tendo en conta que non é un número moi elevado de alumnos este PAD tratará de perfilar medidas de tipo intercultural que fomenten o coñecemento doutras culturas e eviten prexuízos inxustificadas.

Obsérvase unha situación diglósica co idioma galego polo que este plan irá en consonancia co establecido polo EDLG do centro e tratará de impulsar o respecto polas linguas minoritarias e polo seu coñecemento como unha riqueza cultural.

O centro conta con tres bloques de edificios, dous para Educación Primaria e outro para Educación Infantil (separado dos anteriores por uns 400 metros) e con 67 mestres o que implica un traballo e un esforzo adicional na coordinación de calquera actividade ou reunión que se realice tanto pola magnitude de alumnado e profesorado como pola separación física.

Por aula obsérvase unha media de alumnado que supera os 20 nenos e nenas, incluso nas aulas onde hai alumnado con NEE (con previsións de aumento da ratio). As instalacións dos edificios de primaria son antigas, pero actualmente cóntase con espazos suficientes para dar cabida a todos.

O profesorado é tamén diverso, a maioría con destino definitivo no centro, o que debería axudar á continuidade das medidas a tomar. Estrutúranse en equipos de nivel. Tendo en conta que este é un colexio con liña 5, este PAD procurará que as medidas que se tomen den importancia ao traballo destes equipos como verdadeiras partes vertebradoras que conformen un todo axudándose e apoiándose para acadar a calidade educativa segundo se expresaba na introdución. Tamén se lle dará importancia á acción tutorial como base da compensación de desigualdades prestando especial atención aos colectivos en risco de exclusión social.

O Departamento de Orientación e as persoas que o conforman velarán pola inclusión e normalización educativa non só dos nenos e nenas con NEAE (que corresponden ao 14% aproximadamente do total) senón tendo en conta que a diversidade abrangue a todo o alumnado. Asesorará, informará, colaborará, traballará e será oído nos tres niveis de concreción curricular (Proxecto Educativo, programacións didácticas e programacións de aula) e na organización escolar, sempre tendo en conta que o principal obxectivo é a mellor e máis completa atención individualizada ao alumnado.

Destacar o papel da biblioteca do centro como fonte de formación e de recursos para traballar a aceptación da diversidade e como pilar importante de apoio para a inclusión educativa a través da literatura infantil e xuvenil.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A sociedade da información require novos coñecementos e maneiras de actuar conforme ao que a rúa reclama e a lexislación afirma: unha escola ligada á sociedade onde o obxectivo principal é aprender a aprender (a facer, a ser, a estar e a convivir) (Informe da Unesco, Delors).

Desde o curso 2011-2012 a reflexión colectiva, desde a ANPA e os diferentes equipos docentes e principalmente da Comisión de Coordinación Pedagóxica, sobre a propia práctica docente e grao de desenvolvemento do noso alumnado levou á detección da necesidade de mellorar a formación e sensibilización en torno a atención á diversidade. A partir de aquí, impulsouse unha iniciativa formativa (na modalidade de xornadas) co obxectivo de concienciar á sociedade e ao profesorado da necesidade dun cambio real no paradigma educativo. Esta iniciativa é seguida por unha grande parte do profesorado (cada ano súmase máis) e apoiada desde o equipo directivo, a ANPA, o concello e as administracións educativas.

Ademais da reflexión e valoración colectiva que se desenvolve e través dos órganos de coordinación será fundamental, para a identificación das necesidades do alumnado, a avaliación docente completada, se é o caso, coa avaliación psicopedagóxica.

O Departamento de orientación do centro deberán asesorar a totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas que cómpre adoptar e na súa avaliación.

Partindo das avaliacións iniciais e detectadas as necesidades específicas de apoio educativo do noso alumnado, neste centro se escolariza o alumnado con n.e.a.e. que se inclúe dentro das categorías seguintes:

- Alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, psíquica e sensorial.
- Alumnado con necesidades asociadas a Trastorno de Espectro Autista.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (lectura, escritura e cálculo)
- Alumnado con necesidades educativas asociadas a condición persoal ou historia escolar ou familiar (con retraso madurativo, dificultades no desenvolvemento da comunicación e linguaxe, ambiente familiar desfavorecido, minoría étnica...)
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo
- Alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Alumnado con TDAH
- Alumnado con desfase curricular por falta de interese e suficiente implicación no estudio.
- Alumnado con dificultades por inmadurez afectiva.
- Alumnado con trastornos conductuais (impulsividade, déficit de atención...)
- Alumnado falto de habilidades sociais, habilidades intercomunicativas, organizativas básicas...

Será fundamental a detección temperá das necesidades específicas de apoio educativo, para que sexa máis efectiva a resposta educativa e aumentar as posibilidades de éxito.

Obsérvanse tamén as seguintes necesidades:

a) NECESIDADES DAS FAMILIAS

- Necesidade de sensibilización das diferenzas en positivo.
- Necesidade de implicación nas actividades do centro e na educación dos seus fillos (tanto por defecto como por querer e non poder polas características do centro)
- Necesidade de cooperación e colaboración entre todos.
- Necesidade de maior transparencia nos procesos de ensino aprendizaxe.

b) NECESIDADES DO CENTRO

- Necesidade de mellora das instalacións.
- Necesidade de renovación e mellora dos equipamentos.
- Necesidade de ter menos alumnado por clase para atender adecuadamente a cada un segundo as súas capacidades e singularidade de aprendizaxe.
- Necesidade de mellorar a coordinación e colaboración intercentros e intracentro.

c) NECESIDADES DO PROFESORADO

- Necesidade de formación do profesorado para un coñecemento actualizado sobre a normativa e outros aspectos necesarios para a atención á diversidade.
- Necesidade de adoptar unha actitude positiva aberta ao cambio e ás propostas de mellora, que fagan realidade as decisións que se propoñan.
- Necesidade de aumentar a análise crítica e reflexiva da propia práctica educativa e adoptar unha actitude positiva cara a novas metodoloxías, estratexias, actividades...
- Necesidade de aumentar a conciencia de que a atención á diversidade é cousa de todos e que para unha resposta axeitada é fundamental a colaboración e coordinación entre todos os membros implicados.

- Necesidade dun plan de acción titorial e protocolos de actuación consensuados sobre a diversidade, en xeral, e os nenos e nenas con NEAE, en particular.
- Necesidade de que as accións do Departamento de Orientación vaian máis aló da avaliación psicopedagóxica.
- Necesidade de maior apoio de persoal especializado (PT, AL) e por parte das familias.

d) NECESIDADES DO ALUMNADO

- Necesidade de acadar unha mellor actitude de respecto e aceptación ante a diversidade.
- Necesidade de fomentar unha educación en valores que vaia máis aló dos contidos curriculares máis tradicionais e inclúa aspectos emocionais e de convivencia.
- Necesidade de aumentar a súa participación na xestión do centro e da aula.
- Necesidade de mellorar a colaboración entre iguais con estratexias educativas axeitadas que inclúan responsabilidades na vida diaria do centro e no desenvolvemento xeral da escola como comunidade (titoría entre iguais, mediador...)
- Necesidade de mellorar a súa capacidade crítica e reflexiva.
- Necesidade de acadar estratexias de resolución de conflitos.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS DESTE PLAN

3.1. Obxectivos xerais

- Posibilitar a inclusión educativa, desenvolvendo e potenciando actitudes de aceptación e respecto coa diferenza.
- Garantir unha igualdade efectiva de oportunidades ofrecendo os recursos necesarios.
- Ofrecer unha resposta educativa que compense as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos, no marco dos principios de inclusión e normalización.
- Considerar a diversidade como un elemento enriquecedor do centro.
- Anticipar e intentar resolver os problemas de exclusión social e discriminación que poidan xurdir.
- Establecer as medidas e os principios xerais de actuación que deben estar presentes na resposta educativa.
- Implicar a todo o profesorado como responsable da atención da totalidade do alumnado.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación así como o intercambio de experiencias positivas e creativas na atención á diversidade.
- Fomentar a participación do alumnado e das súas familias na vida do centro tanto en actividades complementarias, extraescolares, ANPA, órganos etc.
- Facilitar o acceso ás familias aos servizos sociais e asistenciais de zona.
- Promover a colaboración e coordinación con profesionais e institucións externas ao centro.

3.2. Obxectivos específicos.

Este plan pretende:

- Servir de referente para que o centro poida concretar anualmente o axuste da resposta educativa ás necesidades do alumnado procurando que acade o máximo desenvolvemento persoal e social posible.
- Ser o instrumento que facilite ao centro planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais dos que dispón.
- Guiar a concreción de criterios para priorizar a resposta educativa á diversidade.
- Determinar os recursos dispoñibles, a organización posible e as funcións de todos os profesionais que interveñen na atención á diversidade.
- Potenciar a formación e asesoramento do profesorado nos temas que atinxen á diversidade e, especificamente, nas NEE.
- Facer da prevención, da detección e da atención temperá das dificultades o eixe vertebrador da atención á diversidade.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atendendo ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Ditas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e están recollidas neste Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas súas concrecións anuais.

4.1. Medidas Ordinarias

Enténdense por medidas ordinarias aquelas que facilitan a adecuación do currículo sen alteracións significativas do mesmo e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas dando resposta ás diferenzas do alumnado.

A. Medidas preventivas e de atención temperá segundo indica a lexislación vixente tendo en conta que a prevención primaria é o medio principal para mellorar a calidade educativa (Punto 6.2. do decreto de atención á diversidade):

- **Programas da estimulación da linguaxe oral na Educación Infantil** ao fin de impulsar un normal desenvolvemento evolutivo, previr posteriores dificultades e, de ser o caso, anticipar condicións que faciliten a rehabilitación das mesmas.
- **Programa de avaliación inicial do alumnado de 4º de Educación Infantil** para a detección temperá de necesidades educativas.
- **Avaliación inicial no primeiro curso de Educación Primaria**, asesorada polo DO, que contemple o desenvolvemento da linguaxe e dos procesos psicolóxicos básicos, necesarios para a aprendizaxe dos obxectivos curriculares.

- **Avaliación inicial para o alumnado de nova incorporación** por parte de o titor en colaboración, de ser o caso, da orientadora do centro.
- **Informe da Comisión de Coordinación da Avaliación do Centro que defina as recomendacións, propostas de mellora e actuacións** que se desprendan da análise dos resultados da Avaliación de 3º e 6º EP.
- **Xornadas de Formación e Sensibilización sobre a Diversidade**, dirixidas aos diferentes membros da comunidade educativa, en diferentes modalidades e segundo as necesidades detectadas, realizadas en colaboración coa ANPA e outras institucións e entidades.
- **Outras actividades e iniciativas** que se poidan desenvolver nas distintas áreas, titorías, niveis, ciclos e equipos.

B. Adecuación da estrutura organizativa do centro

- **Elaboración de horarios**, tendo en conta tanto a distribución do horario xeral do centro como o horario específico da aula. No apartado 5 trataranse os criterios específicos do centro para establecer os horarios pero debemos destacar, dun xeito xeral, que para a atención á diversidade o horario escolar organizarase dende un enfoque globalizador que permita respectar os ritmos de actividades, xogo e descanso dos alumnado, evitando a rixidez e as présas. Os horarios das materias das aulas onde hai alumnado que recibe apoio por parte dos especialistas de AL/PT estarán supeditados á organización destes apoios.
- **Agrupamentos do alumnado** atendendo á diversidade deste e aos criterios establecidos con carácter xeral e oídas as recomendacións do Departamento de Orientación (debidamente fundamentadas na avaliación pertinente). No Vales Villamarín reiteramos que, en xeral, o agrupamento por si mesmo non afecta ao rendemento dos alumnos xa que non hai evidencias (contra as crenzas populares) de que os alumnos aprendan máis en grupos homoxéneos. Tamén temos en conta que os grupos homoxéneos tenden a manter as estruturas sociais establecidas o cal pode ir en detrimento da igualdade de oportunidades. Para o desenvolvemento das diferentes tarefas terase en conta diferentes opcións de agrupamento: gran grupo, pequeno grupo e traballo individual. Segundo estas premisas seguiranse os criterios de organización do punto seguinte.
- **Espazos**. Os espazos deben ser diversificados segundo a tarefa a desenvolver. Deberase ter en conta a localización das aulas con alumnado de mobilidade reducida para facilitar a súa autonomía e independencia.
- **Organización e xestión da aula conforme ás características do alumnado**. Para a mellor atención á diversidade do noso centro propóñense as seguintes recomendacións: As aulas estarán organizadas segundo os criterios de mestre titor tendo en conta o asesoramento do DO, o traballo colaborativo e a titoría entre iguais. Así mesmo os materiais estarán accesibles a todos e todas. Teranse en conta as características do alumnado para distribuír e xestionar a aula e as tarefas, sempre na medida do posible.

C. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado

Debemos destacar este punto como un piar importantísimo para a atención á diversidade pois as programacións deberán ir encamiñadas á atención de todo o alumnado e deberán reflectir obxectivos, contidos e actividades dirixidas a fomentar a convivencia e ao coñecemento da diversidade en xeral (diversidade funcional, aprendizaxe intercultural...) E, claramente, neste nivel de concreción curricular

onde se fará efectiva a inclusión real. As unidades didácticas deben facerse accesibles para todo o alumnado, á vez que han contribuír á comprensión e á valoración da diferenza.

A principio de curso, nas correspondentes reunións de nivel, deberanse concretar os mínimos esixibles das competencias básicas para obter unha avaliación positiva.

D. **Metodoloxías** baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, tarefas integradas e outras que promovan a inclusión deberanse fomentar, na medida das posibilidades, para dar unha axeitada resposta educativa á diversidade :

- **Traballo cooperativo:** entendéndose como o uso didáctico de equipos de traballo reducidos nos que os alumnos traballan xuntos para maximizar a súa propia aprendizaxe e a dos seus compañeiros de equipo. Os alumnos son estimulados a axudarse entre eles para aprender e mellorar
- **Titoría entre iguais:** A titoría entre iguais é un método de aprendizaxe cooperativo a través do cal un alumno (o alumno titor) aprende ensinando ao seu compañeiro (o alumno titorado) e este, á súa vez, aprende grazas á axuda personalizada e permanente que recibe do alumno titor. Así pois é unha estratexia que aproveita pedagoxicamente as diferenzas entre os alumnos e permite ver a diversidade como un recurso e non como un problema. Este tipo de estratexia está considerada pola UNESCO e polos expertos en educación como un método de alta efectividade, os titores alumnos non son mestres polo que requirirán dun adestramento para o cal se contará co apoio do DO.
- **Aprendizaxe por proxectos.** Promove o desenvolvemento das relacións sociais, a aprendizaxe entre iguais, a construción de igualdade de status académico e social, a aprendizaxe de todos e todas no contexto natural da aula, a aprendizaxe a través da creación e resolución de conflitos sociocognitivos... É un enfoque interactivo que permite que os alumnos e alumnas aprendan uns de outros a partir dos seus niveis. Parte dos intereses de aprendizaxe reais do alumnado e dos seus coñecementos previos, sendo o mellor medio de construción do seu coñecemento e de aprender a aprender.
- **Tarefas integradas.** A organización da secuencia didáctica a través de tarefas integradas permite responder ás individualidades de cada alumno/a e posibilita a aprendizaxe das competencias clave, relacionando os coñecementos coas experiencias vitais.
- **Traballo por rincóns.** Espazos delimitados nos que se poden facer agrupacións diversas, xa sexa individual, gran grupo ou pequeno grupo, e nos q se van realizar simultaneamente as actividades de aprendizaxe permitindo dar unha resposta axeitada ás diferenzas de intereses e de ritmos. O alumnado é o verdadeiro protagonista das súas aprendizaxes.

E. Adaptación dos tempos e dos instrumentos ou procedementos de avaliación.

Os obxectivos e as competencias clave pódense acadar a través de diferentes medios. Unir a consecución destas a unha única forma de avaliación pode conducirnos a establecer barreiras de aprendizaxe para algúns alumnos. Non se trata de empobrecer a aprendizaxe senón de seleccionar e modificar a extensión dos contidos e dos métodos para avaliar. Observaranse outras formas de avaliación tendo en conta as características do alumnado: de forma oral, con debuxos, aumentando o tempo para a realización das actividades... é dicir, modificando a forma para avaliar o mesmo estándar de avaliación. Fundamentaranse nas indicacións da orientadora nos seus informes.

F. Apoio educativo por profesorado con dispoñibilidade horaria.

Esta medida supón a colaboración e o traballo conxunto na aula dun profesor de centro con dispoñibilidade horaria co profesor adscrito á área. Esta tarefa será desenvolvida preferentemente por profesorado do mesmo nivel, nas áreas de lingua castelá/galega e matemáticas. Serán criterios a considerar na distribución deste profesorado: o número de alumnado do grupo, presenza de alumnado con neae que non pode contar con apoio especializado, presenza de alumnado repetidor, presenza de alumnado que promociona sen acadar avaliación positiva en todas as áreas.

G. Desdobramentos de grupos.

Poderanse desdobrar grupos para a realización de determinadas actividades, principalmente nas áreas instrumentais, co obxecto de facilitar aos alumnos unha atención individualizada. Estará a cargo de profesorado con dispoñibilidade horaria da mesma etapa educativa e, preferentemente, do mesmo nivel educativo.

A programación será a mesma nos dous grupos e a coordinación entre o profesorado debe ser máxima. Os grupos deben ser heteroxéneos.

H. Reforzo educativo

Enténdese por **reforzo educativo** unha medida educativa ordinaria de atención á diversidade destinada a un ou varios alumnos que presentan dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas (Lingua castelá, lingua galega e matemáticas), e un desfase curricular de non máis de 2 anos nas mesmas. A finalidade desta medida é que os alumnos acaden os obxectivos do currículo correspondente ao seu nivel educativo. É unha medida (regulada pola Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións curriculares) dirixida a aqueles alumnos/s que, con modificacións do currículo que non afectan aos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e, de ser o caso, as competencias clave, poden superar as súas dificultades e seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Falaremos de **apoio educativo** como medida de carácter ordinario complementaria ou alternativa á Medida de Reforzo Educativo aplicada a alumnos con necesidades educativas de carácter transitorio que necesitan ser atendidos con medios educativos máis específicos que os provistos no Reforzo Educativo.

		REFORZO EDUCATIVO
TIPO DE MEDIDA		<ul style="list-style-type: none"> • Ordinaria • Non significativa
TIPO DE ALUMNADO		<ul style="list-style-type: none"> • Dirixida ós alumn@s que poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe coa axuda proporcionada polo reforzo educativo • Alumn@s repetidores
TIPO DE MODIFICACIÓNS. AFECTA A.....	DE	<ul style="list-style-type: none"> • Elementos non prescriptivos do currículo • Secuencias de contidos • Formas e instrumentos de avaliación. • Organización da aula • Agrupamentos de alumn@s • Outros aspectos metodolóxicos
RESPONSABLES ELABORACIÓN	DA	<ul style="list-style-type: none"> • Profesor/a área-materia coa colaboración do titor/a e profesorado de apoio, se é o caso, co asesoramento do Departamento de Orientación.
PROCESO ELABORACIÓN	DE	<p>O profesor/a área-materia, previa información ao titor/a e co asesoramento da orientadora, elabora o Documento de Reforzo Educativo que recollerá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dificultades atopadas - Aspectos que facilitan/dificultan a acción educativa - Plan de traballo.
DESENVOLVEMENTO		<ul style="list-style-type: none"> • Contexto ordinario

	<ul style="list-style-type: none"> Excepcionalmente coa colaboración doutros profesionais: profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de PT/AL. Nestes casos será perceptivo o informe da orientadora. Poderase levar a cabo en pequeno grupo fóra da aula ordinaria, previa información e autorización da familia, segundo recomendación do departamento de orientación.
REFERENTE PARA A ELABORACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Obxectivos de cada área ou materia.
AUTORIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Non se necesita
COMUNÍCASE	<ol style="list-style-type: none"> Coñecemento do titor/a Comunicación Equipo Directivo Comunicación á familia
REXISTRO	<ul style="list-style-type: none"> Expediente académico Informe á familia
DURACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> En consonancia coas necesidades educativas que presenta o alumn@.
AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Seguindo os criterios de avaliación individualizada establecidos previamente. Para efectos de promoción: referente obxectivos de nivel/etapa establecidos na Programación Docente
REVISIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Periodicamente De forma continua para correxir posibles desaxustes

I. Plan Específico de reforzo e recuperación para repetidores

A permanencia dun ano máis no mesmo nivel educativo deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo establecido polo titor arredor das competencias clave e aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

O plan incluirá unha serie de actuacións con este alumno/a nas áreas non superadas, con especial incidencia nas instrumentais, co obxectivo de incrementar o éxito escolar actuando sobre as variables que incidiron negativamente no seu rendemento.

Formará parte da programación do curso e será elaborado e desenvolto polo profesor de área co asesoramento, e é o caso, da orientadora. De recomendarse na avaliación psicopedagóxica poderá contarse para o seu desenvolvemento co apoio especializado.

Solicitarase o compromiso de colaboración familiar e os aspectos a reforzar na casa.

J. Programas de Enriquecemento curricular

Programas destinados a alumnado talentoso ou de altas capacidades diagnosticado polo departamento de orientación co obxecto de ofrecer a resposta educativa axeitada ás potencialidades e intereses destes alumnos.

O seu desenvolvemento estará a cargo do mestre do alumno/a con asesoramento do departamento de orientación e poden incluír, segundo o caso, os ámbitos de habilidades sociais, humanístico-literario, científico-tecnolóxico, artístico e deportivo.

K. Adaptacións de acceso ao currículo.

Son axudas, recursos materiais e medios técnicos que compensan as dificultades ou incapacidades dos alumnos/as con discapacidades físicas ou sensoriais para poder acceder ao currículo. Empregaranse segundo se reflecta no informe psicopedagóxico do alumno/a.

4.2 Medidas extraordinarias

Son as que van dirixidas a dar resposta educativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación de medidas extraordinarias será necesaria a autorización da Administración educativa: dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral, segundo o caso.

Son medidas extraordinarias as seguintes:

A.Apoio do profesorado especialista en Pedagogía terapéutica e/ou Audición e linguaxe.

Trátase do apoio temporal por parte dun especialista, dentro ou fóra da aula ordinaria, segundo recomendación da orientadora do centro.

A orientadora elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos.

Priorizarase o apoio na comunicación e competencia lingüística e lóxico-matemática baixo os principios de inclusión que rexen o noso centro, procurando que sexa dentro da aula ordinaria e, só para traballar aspectos moi específicos, se levará a cabo fóra da aula.

Dado o elevado número de alumnado do noso centro e as necesidades educativas que presentan é preciso establecer uns criterios preferentes de actuación:

1º Previo informe psicopedagóxico e/ou Ditame do EOE, recibirá apoio por parte dos especialistas de PT/AL o alumnado con ACS e nee asociadas a discapacidade motórica, sensorial, psíquica, trastorno xeneralizado do desenvolvemento (TXD), TDAH, dificultades graves de conducta e alumnado con desfase curricular por incorporación tardía ao sistema educativo.

2º Previo informe psicopedagóxico e/ou Ditame do EOE, o alumnado con dificultades de aprendizaxe asociadas a discapacidade motórica, sensorial, psíquica, trastorno xeneralizado do desenvolvemento (TXD), TDAH, dificultades graves de conducta e alumnado con desfase curricular por incorporación tardía ao sistema educativo.

3º Alumnado con dificultades de aprendizaxe e ACS.

4º Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe asociadas a trastorno específico da linguaxe, necesidades educativas asociadas a retraso da linguaxe, dificultades da fala, dificultades de lectoescritura, cálculo e resolución de problemas.

5º Outras dificultades asociadas a necesidades educativas derivadas de altas capacidades.

Priorizarase a atención ao alumnado con menor idade para evitar futuras dificultades e establecer o antes posible os mecanismos para acadar o éxito escolar así como aqueles con maior número de cursos de desfase curricular co grupo de referencia.

Na etapa de EI ante o alumnado que presenta dificultades no axeitado desenvolvemento da linguaxe priorizarase a intervención grupal, na aula ordinaria, a través do Obradoiro de Estimulación da Linguaxe, de forma que a intervención específica que para uns ten carácter rehabilitador, para todos ten un carácter preventivo e de estimulación facilitando o axeitado desenvolvemento da linguaxe e da fala. A mestra de AL poderá intervir directamente no grupo-clase (se presenta dispoñibilidade horaria seguindo os criterios de priorización de actuación) ou ben asesorar ao mestre de aula na programación e posta en práctica do Obradoiro, deseño de actividades, recursos...

B. Agrupamentos flexibles

Medida de carácter temporal e extraordinaria, por precisar autorización da Inspección educativa, coa finalidade de dar resposta ás necesidades de aprendizaxe de carácter esencial nas áreas instrumentais, vai dirixida a alumnado que ten avaliación negativa na área na que se propón o agrupamento. Poderanse desenvolver agrupamentos nas áreas de lingua castelá/galega e literatura e matemáticas. Precisa da autorización da Inspección Educativa ou da Xefatura Territorial.

Nº SESIÓNS SEMANAIS	As preceptivas nesas materias obxecto de agrupamento.
ORGANIZACIÓN	Coincidencia horaria nas titorías afectadas nas materias.
PROFESORADO	Conforme á dispoñibilidade horaria do profesorado do centro
Nº ALUMN@S	Pequeno grupo. Preferiblemente entre 5 e 7.
CRITERIOS SELECCIÓN ALUMNADO	Alumnado que presente necesidade de mellorar aspectos esenciais das áreas instrumentais e <ul style="list-style-type: none"> § se lle teña aplicado nalgún momento da súa escolaridade a medida de permanencia dun ano máis nalgún ciclo. § Excepcionalmente outro alumnado que tivese algunha circunstancia relevante na súa escolaridade pola que se considere idóneo para a pertenza ao agrupamento.
PROCESO DE ELABORACIÓN	1ºA orientadora elevará á xefa de estudos a proposta do alumnado que formará parte do agrupamento tras a conformidade da familia. 2ºAutorización inspección educativa a través do director/a do centro 3º Comunicación á familia
ALTA DO ALUMNADO	Cando en calquera momento do proceso da avaliación continua se determine que están superadas ás súas dificultades de carácter esencial. En calquera caso, a valoración da consecución de obxectivos farase, de xeito ordinario, nas correspondentes xuntas de avaliación.
METODOLOXÍA	Prestarase especial atención ao traballo individualizado e á adecuación ao ritmo de cada participante.
ÁREAS CURRICULARES	A programación da área terá como referente os obxectivos do curso, tendendo á consecución das competencias clave, se ben poderá incluír contidos dun

	nivel inferior que non ten adquiridos.
DOCUMENTO	O seu desenvolvemento reflectirase no Documento de Reforzo Educativo.
MATERIAIS	Libros de texto adaptados Fichas individualizadas
INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS	As familias serán debidamente informadas dos obxectivos e características destes agrupamentos e darán a súa conformidade coa adopción de esta medida.
DESENVOLVEMENTO	O horario semanal do agrupamento poderá ocupar todo ou parte do horario da área na que se realice
AUTORIZACIÓN	Inspección educativa Requerirase a conformidade da familia.
AVALIACIÓN	Segundo o establecido con carácter xeral.
REVISIÓN	Periodicamente A familia recibirá informe cualitativo do progreso do alumno/a na área.

C. Adaptacións curriculares.

Están regulamentadas na Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG do 7 de novembro). Considéranse adaptacións curriculares as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos ou criterios de avaliación). O referente de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais da etapa. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo ou etapa distinto do que curse o alumno ou a alumna obxecto da adaptación curricular. O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ao alumno, co asesoramento do Departamento de Orientación e levarase a cabo no contexto educativo ordinario, agás casos excepcionais. Precisa autorización da Inspección Educativa.

ADAPTACIÓN CURRICULAR TIPO DE MEDIDA	<ul style="list-style-type: none"> • Extraordinaria e significativa • Adoptarase unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa menos significativas.
TIPO DE ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • Dirixida ós alumn@s con NEE motivadas por: <ul style="list-style-type: none"> • Razóns educativas sociais e culturais. • Padecer déficit de calquera índole. • Posuír cualidades excepcionais.
TIPO DE MODIFICACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Elementos prescritivos do currículo: <ul style="list-style-type: none"> • Obxectivos • Contidos • Criterios de avaliación (reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados, ampliados)
RESPONSABLES DE ELABORACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Profesor/a área/materia coa colaboración e asesoramento de: <ul style="list-style-type: none"> • Equipo educativo responsable do alumn@ • Orientadora do Centro e Equipo específico, si é o caso. • Calquera outro profesional que participa na atención ó alumn@ (por ex. especialistas en PT ou AL)

PROCESO DE ELABORACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Reunión con: <ul style="list-style-type: none"> • Xefe de estudos • Titor/a • Profesor@s das áreas-materias que se consideran obxecto de ACI • Orientadora • Profesorado de apoio, se é o caso. OBXECTIVOS: <ul style="list-style-type: none"> • Pertinencia da AC • Elementos do currículo que deberán ser modificados 2. Elaboración documento ACI, onde se recollerá información relativa ós seguintes datos: <ul style="list-style-type: none"> • Persoais • físicos e de saúde • psicosociais • contorno sociofamiliar • pedagóxicos • profesionais participantes 3. Autorización inspección educativa a través do director/a do centro 4. Comunicación á familia <p>As AC deben estar rematadas e aprobadas no primeiro trimestre antes da primeira avaliación para poder ser referente de avaliación do alumno/a.</p>
DESENVOLVEMENTO	<ul style="list-style-type: none"> • Integrado na medida do posible no contexto ordinario, agás casos excepcionais.
REFERENTE PARA A ELABORACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Obxectivos xerais de etapa, concretados na Programación Docente de cada nivel (Poden ter como referencia obxectivos de cursos anteriores)
AUTORIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Inspección educativa
COMUNÍCASE	<ul style="list-style-type: none"> • Inspección educativa • Familia
REXISTRO	<ul style="list-style-type: none"> • Expediente académico • Informe á familia • constancia no historial académico. <p>O documento da AC forma parte do expediente académico do alumn@.</p>
DURACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Un curso educativo.
AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Seguindo os criterios de avaliación individualizada establecidos no documento AC • Para efectos de promoción: referente obxectivos xerais sinalados na propia AC
REVISIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • periodicamente • Como mínimo ao remate do curso

D. Flexibilización do período de escolarización

Medida extraordinaria que ten por finalidade adquirir as capacidades básicas necesarias para enfrontarse con máis garantías de éxito ao seguinte nivel ou etapa.

- Flexibilización da escolarización en Educación Infantil: a escolarización nesta etapa poderá, excepcionalmente, aumentarse nun ano en función das nee do alumno/a; poderá reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer máis alá do ano natural en que se cumpran os sete anos de idade nin comezar a educación primaria antes do ano natural en que se cumpran os cinco anos.
- Flexibilización da escolarización en Educación Primaria: a escolarización en educación primaria poderase aumentar nun ano en función das nee do alumnado; poderá reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer máis alá do ano natural en que se cumpran os quince anos de idade nin comezar a educación secundaria antes do ano natural en que se cumpran os dez anos.

Os criterios a ter en conta para a aplicación desta medida son os seguintes:

- Para que un alumno/a promocioe ou permaneza un ano máis no nivel será necesario que así o aconselle o equipo educativo que intervén co alumno/a, primando o criterio do titor/a.
- O alumnado promocionará ao nivel seguinte sempre que acade o desenvolvemento adecuado das competencias clave e un axeitado grao de madurez acorde á súa idade.
- Accederá igualmente ao nivel seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo nivel, adoptando as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación desas aprendizaxes.
- A permanencia dun ano máis no nivel só se poderá levar a cabo unha vez ao longo da etapa educativa e terá que ir acompañada dun plan específico de reforzo educativo.
- Á hora de tomar decisións sobre a conveniencia ou non de repetir curso deberán terse en conta: as características do alumn@, o ámbito de socialización, a integración no grupo, os recursos e as condicións que reúne o centro.

O procedemento para a solicitude de flexibilidade nunha etapa educativa no caso de alumnado con necesidades educativas especiais e o seguinte:

- A dirección do centro presentará a solicitude de flexibilización na xefatura territorial. Esta acompañarase da seguinte documentación:

a. Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro ou ó que estea adscrito ou, no seu defecto, polo profesor titor.

b. Conformidade expresa dos pais ou titores legais do alumno, se é menor de idade, ou a súa propia se non o é.

c. Fotocopia compulsada do expediente académico

d. Proposta de adaptación do currículo segundo disposto na Orde do 6 de outubro de 1995.

- A citada solicitude remitirase, xunto co informe da inspección educativa, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á que corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización.

- Tanto por iniciativa da inspección educativa, como pola da Dirección Xeral, poderase requirir ao equipo de orientación específico dependente da xefatura territorial correspondente a elaboración dun informe complementario ao respecto.

- O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización será o mes de abril. As xefaturas territoriais trasladaranas á Dirección Xeral antes do 31 de maio, acompañándoas dos informes correspondentes.

- A resolución correspondente comunicárase ao centro antes do 31 de xullo para o seu traslado ao interesado.

- Con carácter xeral, calquera medida de flexibilización consignárase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en tódolos documentos de avaliación do alumno que en cada caso correspondan.

Procedemento de solicitude no caso de alumnado con sobredotación:

- O director do centro entre o 1 e o 15 de xuño elevará ao inspector de educación que lle corresponda a solicitude de flexibilización, que deberá incluír a seguinte documentación:

a. Informe do profesor titor

b. Informe sobre o resultado da avaliación psicopedagóxica.

c. Proposta de adaptación do currículo.

d. Conformidade dos pais ou titores legais.

- A inspección educativa realizará un informe sobre a idoneidade ou non da proposta de flexibilización e das medidas de adaptación curricular que a acompañan.

- A Xefatura Territorial trasladará a documentación sinalada ao Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do 30 de xuño de maio, acompañándoa do informe correspondente, quen resolverá no prazo dun mes e enviará comunicación á xefatura territorial e á dirección do centro para o seu traslado aos interesados.

- A medida de flexibilización consignárase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en tódolos documentos do alumno que en cada caso correspondan.

E. Grupo de adquisición de linguas.

Segundo o artigo 8 da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG, 26/02/04), “Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado”.

A referida Orde sinala tamén en relación a esta medida:

- Está dirixida ao alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia.

- O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre. A inspección poderá autorizar a ampliación excepcional dese período.

- O alumno incorporárase ao seu grupo no momento en que o equipo de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas.

- Poderán desenvolverse en primaria e, excepcionalmente, no último curso de infantil.
- O alumnado que forme parte destes grupos deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo.
- O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será de 5 períodos lectivos no último curso de educación infantil, 10 no primeiro ciclo de la educación primaria e 20 no segundo e terceiro ciclos da educación primaria, reducíndoos progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua.
- Permanecerá co seu grupo ordinario en educación física e educación artística. No último curso de infantil e primeiro ciclo de primaria, levaranse a cabo na aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe da lingua.
- O titor deste alumnado será o que lle corresponda pola súa pertenza a un grupo ordinario e encargarse da coordinación do equipo docente, asesorado, se é o caso, pola orientadora.
- A avaliación continua servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nos grupos ordinario e de adquisición das linguas.
- Os pais do alumno serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe específica de tipo lingüístico, así como no relativo á súa integración na vida do centro

Ademais do recollido na normativa, establécese en relación a estes grupos o seguinte:

- A xefatura de estudos, que contará co asesoramento do servizo de orientación, será a responsable de coordinar a labor de acollida e valoración deste alumnado.
- A orientadora elevará ao xefe de estudos a proposta do alumnado que formará parte do grupo de adquisición das linguas.
- Poderá ser adscrito a este grupo calquera profesor do centro con dispoñibilidade horaria.
- A solicitude para a constitución do grupo de adquisición das linguas será cursada pola dirección á inspección educativa acompañada da seguinte documentación:
 - Relación de alumnado do grupo.
 - Informe da orientadora.
 - Informe do titor dos alumnos.
 - Organización e programación da intervención educativa.
 - Relación de profesorado que desenvolverá a intervención
 - Constancia da información aos pais ou tutores do alumnado.
- O titor elevará ao xefe de estudos proposta de calquera modificación do horario do alumnado así como de incorporación total ao grupo ordinario.

- O profesor do grupo de adquisición das linguas participará na avaliación deste alumnado, que se realizará conforme ao establecido con carácter xeral. Elaborará un informe trimestral individualizado coincidindo coa data da avaliación ordinaria que se entregará ás familias e un informe final individualizado cando o alumno se incorpore a tempo completo ao grupo de referencia.

F. Grupos de adaptación da competencia curricular.

O artigo 11 da Orde do 20 de febreiro de 2004 recolle que “os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado”.

A referida Orde sinala tamén en relación a esta medida:

- Estará dirixida ao alumnado con un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- Poden desenvolverse no segundo e terceiro ciclo da educación primaria.
- Permanecerán neste grupo nas materias de carácter instrumental.
- O alumno poderá estar no grupo de adaptación da competencia curricular todo o ano escolar.
- Incorporarase a tempo completo ao seu grupo ordinario cando o equipo de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao desfase curricular.
- O alumnado do grupo de adaptación da competencia curricular pode pertencer a distinto curso ou ciclo.
- O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 8 períodos lectivos.

Ademais do recollido na normativa, establécese en relación a estes grupos o seguinte:

- A xefatura de estudos, que contará co asesoramento do servizo de orientación, será a responsable de coordinar a labor de acollida e valoración deste alumnado.
- O profesorado das áreas instrumentais coordinado polo titor, co asesoramento do servizo de orientación, deberá realizar a avaliación inicial do alumnado inmigrante.
- A orientadora elevará ao xefe de estudos a proposta do alumnado que formará parte do grupo de adaptación da competencia curricular.
- Poderá ser adscrito a este grupo calquera profesor do centro con dispoñibilidade horaria.
- En relación á solicitude para a constitución do grupo de adaptación da competencia curricular, seguirase o mesmo procedemento que no caso do grupo de adquisición das linguas
- O titor elevará ao xefe de estudos proposta de calquera modificación do horario do alumnado así como de incorporación total ao grupo ordinario.
- O profesor do grupo de adaptación da competencia curricular participará na avaliación deste alumnado sendo responsable da cualificación da área cando a súa intervención abranxa a totalidade do seu horario lectivo.

- A cualificación do alumno realizarase conforme ao establecido con carácter xeral . Non obstante, os pais ou titores legais recibirán un informe cualitativo do seu progreso.
- O referido informe trimestral individualizado para as familias e o informe final individualizado que o profesor realizará cando o alumno se incorpore a tempo completo ao grupo ordinario engadiranse á documentación do seu expediente.

G. Escolarización combinada

Conforme ao punto 1c do artigo 16 do Decreto 229/2011, do 21 de decembro, entre as modalidades de escolarización considérase:

“A escolarización combinada entre un centro ordinario e un centro de educación especial. Para os efectos de escolarización, as unidades de educación especial nos centros ordinarios terán a consideración de centros de educación especial”.

Segundo o referido Decreto (artigo 16.1c, 2 e 3) e a Orde do 27 de decembro de 2002 (artigos 44, 45, 46) , podemos sinalar en referencia a esta modalidade de escolarización:

- É destinatario desta modalidade de escolarización o alumnado con necesidades educativas especiais que estea escolarizado nun centro ordinario e requira de recursos específicos non dispoñibles, podendo escolarizarse a tempo parcial nunha aula ou centro específico de educación especial.

- Así mesmo, o alumnado escolarizado nun centro específico de educación especial poderá combinar a súa escolarización nun centro ordinario co obxecto de promover a súa normalización escolar.

- O procedemento para o inicio da escolarización combinada inclúe:

- ✓ Realización de avaliación psicopedagóxica.
- ✓ Redacción do ditame de escolarización pola orientadora do centro educativo no que se atope escolarizado o alumno acompañado dunha declaración escrita feita polos pais ou titores legais na que se fará constar a súa valoración da proposta de escolarización.
- ✓ Presentación pola dirección do centro da solicitude na xefatura territorial acompañada da documentación referida, que a resolverá oportunamente logo dos informes que procedan.

No caso das escolarizacións combinadas entre un centro ordinario e un centro de educación especial, o alumnado pertencerá, para efectos académicos e administrativos, ao centro educativo que se determine na resolución da xefatura territorial correspondente.

- O profesorado de ambos centros coordinarase no proceso de planificación, atención e avaliación deste alumnado.

- O profesor titor do alumno pertencerá ao centro no que estea matriculado, e corresponderalle a coordinación das atencións educativas que se proporcionen nos dous centros, co apoio dos departamentos de orientación.

- A escolarización estará sometida a un proceso de revisión periódica por parte da xefatura do Departamento de Orientación correspondente, que será trimestral en educación infantil e, cando menos, anual nas demais ensinanzas

- A proposta de revisión de escolarización poderase iniciar por calquera dos dous centros ou a instancia dos pais ou titores legais.

- Se é o caso, a dirección solicitará o cambio de modalidade de escolarización á xefatura territorial correspondente, quen resolverá. Esta solicitude irá acompañada da mesma documentación referida para o procedemento de inicio da escolarización combinada.

H. Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.

O artigo 25 do Decreto 229/2011, de 21 de decembro, sinala que “a atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescrición facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.”

Segundo o referido Decreto (artigo 25) e a Orde do 27 de decembro de 2002 (artigos 47 a 51) , podemos sinalar en referencia a esta modalidade de escolarización:

- Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

a) Longa hospitalización: máis de trinta días.

b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.

c) Curta hospitalización: menos de quince días.

- O alumnado de longa e media hospitalización recibirá atención educativa en coordinación co centro de orixe.

- O de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

- Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes e o que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

- O centro educativo, a través do departamento de orientación, proporcionará aos servizos de atención educativa hospitalaria e domiciliaria toda a información relativa ó alumno, especialmente a referida á súa competencia curricular.

- O servizo de atención hospitalaria e domiciliaria remitirá ó centro educativo os informes relativos ao seu progreso, cunha periodicidade mínima mensual e ao finalizar esta modalidade de atención educativa.

Solicitude da atención educativa hospitalaria ou domiciliaria:

✓ Formulada perante a Xefatura Territorial pola dirección do centro, a instancia dos seus pais ou titores legais.

✓ Irá acompañada dos debidos informes que a xustifiquen.

- O colexio establecerá, a partir da CC, un programa individualizado de atención educativa para o alumno, no que se terán en conta as necesidades educativas especiais asociadas á súa situación.

- A elaboración e seguimento dese programa levarao a cabo o titor do alumno en colaboración co servizo de atención educativa hospitalaria e domiciliaria e co asesoramento do departamento de orientación.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Os criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación da medidas propostas veñen concretadas no epígrafe anterior, pero con carácter xeral procurárase:

- ✓ A calidade, eficacia e eficiencia na atención ao alumnado.
- ✓ Aproveitamento axeitado dos recursos humanos do centro.
- ✓ Posta dos recursos materiais ao servizo das actuacións de mellora do proceso educativo
- ✓ Procura do beneficio do maior número de alumnado.
- ✓ Priorizar a atención ás necesidades máis perentorias.
- ✓ Equidade na distribución dos recursos.
- ✓ Buscar recursos da administración educativa e doutros organismos e entidades.

Respecto á adecuación das estrutura organizativa do centro: horarios, agrupamentos, espazos e organización e xestión da aula, os criterios para a organización serán os seguintes:

1. Á hora de realizar os **agrupamentos** terase en conta a diversidade de alumnado e os criterios establecidos con carácter xeral, sendo escoitadas as recomendacións do Departamento de Orientación (debidamente fundamentadas na avaliación pertinente).
2. Para a elaboración dos **horarios** teranse en conta os apoios e reforzos que vai realizar o profesorado con dispoñibilidade horaria. A pesar das dificultades de facer uns horarios acorde coas necesidades do alumnado e non do profesorado pola magnitude do centro procurárase que os titores apoiem as aulas do seu nivel e que estes sexan sempre os mesmos para as mesmas aulas e igual para os membros do DO, asignándose un mestre especialista PT, AI, por nivel e que se encargará de manter informado ao DO dos nenos con dificultades de aprendizaxe segundo as avaliacións. Os apoios procurarán organizarse antes de que aparezan as necesidades (prevención) e non despois e priorizarase o primeiro ciclo seguindo os criterios de idade que segue o DO nos apoios.
3. Coa finalidade de optimizar a utilización dos **espazos** este PAD propón:
 - Poderán utilizarse as aulas libres para actividades de reforzo, desdobramentos... A asignación destes espazos a realizará a Xefatura de estudos. Procurárase que o mesmo alumnado vaia sempre á mesma.
 - No caso de que nunha aula estea escolarizado un neno ou nena con NEE asociada a discapacidade motora terase en conta que estea ubicada no lugar onde poida acceder á maior autonomía.
 - No caso de que o neno ou nena teña NEE asociadas a discapacidade auditiva ou visual (sensorial) localizarse na clase no lugar onde poida acceder a maior información (onde vexa ou escoite con claridade ao profesor lonxe de distractores como ventás ou portas e nun lugar central da aula) e para a ubicación da aula terase en conta que posúa os recursos técnicos necesarios (pantalla, avisos luminosos/sonoros...)

Co fin de aumentar a comprensión dos nenos con dificultades na comunicación as dependencias do centro estarán sinalizadas con imaxes que permitan a accesibilidade universal.

Respecto ás adecuacións das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

Ao inicio do curso nas primeiras reunións de nivel revisaranse os criterios de avaliación e indicadores de logro para a promoción de cada nivel. Igualmente revisaranse aqueles aspectos que se van a traballar e darase unidade e prioridade para a educación emocional e o traballo en habilidades sociais e resolución de conflitos e non só en contidos académicos.

O DO asesorará neste sentido e aportará documentación e actividades para poder realizar como diferentes enquisas, sociogramas, dinámicas...que dean unha imaxe do nivel de aceptación dos alumnos no seu grupo clase e o nivel de inclusión podendo intervir onde se detecten diferenzas graves ou actitudes xenófobas.

A biblioteca utilizarse como centro de recursos e a través dos libros traballaranse aspectos que teñan que ver co respecto e a tolerancia sobre todo nas aulas onde haxa escolarizados nenos e nenas con NEE e onde se detecten dificultades de convivencia.

Tamén se traballarán aspectos como a empatía (aprender a colocarse no lugar dos demais), a resiliencia (aprender a afrontar os problemas de forma positiva) e a aprendizaxe emocional.

Respecto á metodoloxía:

Dende o centro e en colaboración coa Anpa e outros organismos externos (CFR, asociacións, Concello...) procurarase a formación do profesorado nas metodoloxías recomendadas para a atención á diversidade, aquelas que teñen en conta o desenvolvemento de cada alumno e lle permiten evolucionar ao seu ritmo e coas súas características.

O Departamento de Orientación asesorará e prestará apoio nesta labor.

Non fará falta o acordo por unanimidade do uso destas metodoloxías no nivel, aínda que sí é recomendable. Facilitarase neste sentido dende o equipo directivo e explicarase convenientemente ás familias. De todas maneiras dende este PAD cabe resaltar a importancia que tería unha liña de traballo similar e consensuada para unha educación de calidade para todos que vai en consonancia coas metodoloxías recomendadas pola lexislación para tal efecto e das que se fala no punto anterior.

Os nenos e nenas que vaian a participar na titoría entre iguais poderán recibir formación, se así se estima necesario, por parte do DO nun horario establecido para tal fin con previa comunicación ás familias e no que se lle cause o menor prexuízo. Teremos sempre en conta que ser titor é unha labor social e axúdanos a desenvolvernos como persoas.

Usaranse as TIC como medio para aumentar a motivación e as aprendizaxes co fin de sumar diferentes experiencias das que se poidan beneficiar todos os alumnos: xogos interactivos, vídeos explicativos, búsquedas de información, webquest, traballos colaborativos a través de diferentes recursos web...

Respecto a adaptación dos tempos ou procedementos de avaliación.

Cando así se vexa oportuno e co asesoramento do DO poderanse adaptar os tempos e os instrumentos de avaliación tendo en conta as necesidades dos alumnos. Máis especificamente debemos ter en conta que :

- No caso de nenos con NEE asociadas a discapacidade motórica estableceranse outros medios de avaliación que pode ser de forma oral, por medio das TIC, adaptando os materiais a utilizar e os tempos.

- Cos nenos con NEE asociadas a TDA con ou sen hiperactividade, terase en conta actividades curtas e outros métodos que non impliquen a escritura durante demasiado tempo. Isto mesmo ocorre con outras dificultades como a dislexia onde non se terán en conta tanto a forma de escribir como o que realmente sabe ou non excepto que o que se estea a avaliar sexa a escritura.

- No caso de discapacidades sensoriais seguiranse os mesmos criterios que para os casos anteriores tendo en conta as súas peculiaridades e a posibilidade de empregar a linguaxe xestual como sistema alternativo/aumentativo de comunicación e o Braille.

A persoa encargada da avaliación dos alumnos e alumnas será, en todo caso, o mestre titor tendo en conta as opinións e suxestións dos mestres do desdoblamento ou do apoio.

Respecto ao desdoblamento de grupos.

Nunca será máis da metade das sesións de cada área. Asignaráselle unha aula para traballar, preferiblemente a mesma para todas as sesións.

Respecto ao apoio facilitado por profesorado con dispoñibilidade horaria.

Como norma xeral o profesorado con dispoñibilidade horaria realizará o reforzo educativo ou apoio na aula do grupo. A xefatura de estudos determinará a súa organización.

Se o apoio se realizase fóra da aula de referencia do grupo, será coa modalidade de desdoblamento.

Respecto a aplicación de medidas ordinarias dentro da aula, con carácter xeral, o profesorado deberá acomodar o proceso de aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno, tendo en conta que a principal vía de atención realízase no marco da aula ordinaria.

Respecto ás medidas extraordinarias, cando o titor/a considera esgotadas as medidas ordinarias cumprimentará a folia de demanda para que interveña o Departamento de Orientación.

Concretada a demanda realízase a avaliación ordinaria para establecer a intervención máis axeitada á necesidade detectada:

- Obter información do profesorado/familia/outros relativa ao funcionamento do alumno.
- Administrar as probas e/ou cuestionarios que se consideren.
- Recoller datos da observación directa ou indirecta.
- Determinar a necesidade específica atopada proporcionando as orientacións pertinentes.
- Elaborar, se é o caso, proposta individualizada de reforzo educativo onde se concretará o plan de traballo a seguir e o tipo de apoio preciso, en coordinación co profesorado implicado:
 - Reforzo educativo sen apoio
 - Reforzo educativo con apoio específico:
 - Na aula ordinaria
 - En aula específica: PT, AL ou agrupamento.

Realizarase a avaliación do progreso do alumno e a eficacia das medidas adoptadas. No caso de que as medidas anteriores non fosen suficientes, realizarase a oportuna avaliación psicopedagóxica seguida da toma de decisións consecuente.

O titor/a manterá puntualmente informadas ás familias, tanto da intervención do Departamento de Orientación como das medidas a adoptar e do seu progreso.

Todas as medidas terán un carácter flexible e farase seguimento do seu desenvolvemento e informarase á familia do alumno/a por parte do titor/a, coa colaboración do Departamento de Orientación.

As intervencións específicas que sexan precisas por parte do profesorado especialista de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación en colaboración co titor/a do grupo ao que pertence o alumno/a.

Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, salvo casos excepcionais debidamente previstos e xustificados e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

O apoio fóra da aula ordinaria será nos seguintes casos:

- Alumnos que precisan atención logopédica: atención específica na Aula de Audición e Linguaxe, procurando que as sesións sexan curtas (1/2h) salvo casos de neae permanentes.
- Alumnos que contan con ACI ou ós que previamente se lle teñen aplicado medidas de atención ordinaria e que o seu retraso escolar lle impida o seguimento adaptado da clase.
- Alumnos, que despois da correspondente avaliación inicial, ós que se detectan problemas de aprendizaxe que precisan un apoio específico de xeito individualizado.
- Alumnos con problemas conductuais que poden precisar en momentos puntuais 'tempo fóra'.

Ante a incorporación de alumnado estranxeiro ao noso sistema educativo, a orientadora do centro elaborará unha avaliación inicial previa a súa matrícula para poder establecer as medidas ordinarias e extraordinarias necesarias para proporcionarlle unha axeita resposta educativa. A avaliación inicial xunto coas necesidades detectadas e medidas a adoptar reflectiranse nun informe que se incorporará ao seu expediente académico.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

De forma xeral, os órganos de goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación segundo a lexislación vixente: normalización, inclusión, igualdade de oportunidades e calidade educativa con total respecto aos principios básicos da Constitución e do Estatuto de Autonomía. Así garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos aos alumnos e demais membros da comunidade educativa comezando polo dereito á educación (art. 27 da CE).

Así mesmo, favorecerán a participación efectiva de todos os membros da comunidade educativa na vida do centro, na súa xestión e avaliación sen que exista discriminación por razón de discapacidade, etnia, relixión, país de procedencia, sexo ou idade.

1. ÓRGANOS DE GOBERNO:

1.1. UNIPERSOAIS:

a) DIRECTOR.

- Ostentar a representación do centro e, por ende, das liñas educativas en prol da concepción da diversidade como principio que enriquece que nel se representan.
- Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, cara a consecución do proxecto educativo, prestando atención e favorecendo aquelas iniciativas que favorezan a inclusión educativa.
- Executar os acordos dos órganos colexiados no ámbito da súa competencia para que sexan levados a cabo.
- Coordinar a elaboración do PE, Concrecións Curriculares e PXA de acordo cos criterios establecidos neste PAD responsabilizándose da súa elaboración e velando pola súa correcta aplicación.
- Cumprir e facer cumprir as leis e demais disposicións vixentes e os principios que delas se derivan.
- Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.
- Favorecer a convivencia do centro e impoñer as correccións que correspondan, de acordo coa normativa vixente, co NOF e cos criterios establecidos polo consello escolar. Neste sentido potenciará e estará en estreita relación co DO co fin de que se desenvolvan no centro actividades para a mellora da convivencia para previr as accións sancionadoras que serán, sempre, o último recurso.
- Garantir o dereito de reunión de mestres, alumnos, pais de alumnos e persoal de administración.

XEFATURA DE ESTUDOS:

- a) Exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo ao relativo ao réxime académico, prestando especial atención a que as prácticas utilizadas nas aulas non sexan excluíntes.
- c) Relacionado co punto anterior, coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de mestres e alumnos, en relación co PE, Concrecións Curriculares e PXA de acordo coas orientacións e liñas deste PAD.
- d) Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais os horarios académicos de alumnos e profesores de acordo con los criterios aprobados polo claustro, tendo en conta as aportacións deste PAD no punto anterior para os apoios entre titores e posibles desdobrementos e na súa concreción anual, e velar polo seu estrito cumprimento.
- e) Coordinar a actividade dos coordinadores de nivel e con elas o traballo como un grupo e non como aulas independentes.
- f) Coordinar e orientar a acción dos titores de acordo co plan de acción titorial que deberá incluír accións encamiñadas ao respecto e tolerancia da diferenza.
- g) Coordinar a participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, teóricas e prácticas, así como planificar e organizar as actividades de formación de profesores realizadas polo centro relacionadas coa atención á diversidade.
- i) Facilitar a organización dos alumnos e alumnas da maneira máis equitativa posible, optimizando os recursos, e impulsar a súa participación no centro, sen que haxa ningún tipo de discriminación.
- j) Facilitar e organizar na medida das posibilidades a posta en marcha desde principio de curso de grupos flexibles e/ou desdobres, reforzos educativos por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria.

SECRETARIA:

- a) Ordenar o réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director.
- b) Realizar o inventario xeral do centro e mantelo actualizado e ver se é necesario dispoñer de maiores medios materiais para a atención dos nenos con NEAE.
- c) Custodiar e dispoñer a utilización dos medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquera material inventariable prestando atención ás aulas onde están escolarizados nenos e nenas con NEE.
- h) Elaborar o anteproxecto de orzamento do centro de acordo coas directrices do consello escolar e oída a comisión económica onde se teña en conta maior asignación para as aulas onde haxa escolarizados nenos con dificultades.
- d) Velar polo mantemento material do centro en tódolos seus aspectos, de acordo coas indicacións do director.
- E) Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no centro prestando interese a aqueles que teñan que ver coa atención á diversidade.

1.2. ÓRGANOS COLEXIADOS:

- CONSELLO ESCOLAR.

O consello escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar e é a través del onde a verdadeira inclusión pode ser posible pois abrangue a todos os membros que deberán respectar as diferenzas e tomalas como un aspecto positivo da sociedade actual.

- a) Establecer as directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, aproballo, avalialo e, se é o caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias que o claustro de profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente. Para tal fin terá en conta a lexislación vixente e promoverá os valores de respecto e tolerancia.
- b) Decidir sobre a admisión de alumnos, con suxeición ó establecido na lexislación vixente e sen presentar ningún tipo de discriminación por diferenzas, tendo en conta que a presenza de alumnado heteroxéneo elimina prexuízos e flexibiliza os pensamentos
- c) Aprobar e modifica-lo Regulamento de réxime interior do centro.
- d) Resolver os conflitos e impoñe-las correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no centro. Neste sentido deberán ter sempre presente o principio de igualdade e normalización. Propoñerán, así mesmo, alternativas de prevención destes problemas relacionadas coa convivencia.
- e) Aprobar o proxecto de orzamento do centro e a execución del onde se recollerán partidas orzamentarias para promover a diversidade e a atención ao alumnado con NEAE.
- h) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que competen ó claustro e tendo en conta que inclúe aspectos relacionados coa atención á diferenza e ao concepto positivo da mesma así como a flexibilidade e os programas de reforzo educativo para os alumnos e alumnas que poidan presentar dificultades en determinado momento.
- i) Aprobar a programación das actividades extraescolares e complementarias e avaliar o seu desenvolvemento tendo en conta que estas inclúan a todos os nenos e poidan ser realizadas por todos eles.
- l) Establecer as directrices para a participación do centro en actividades culturais, deportivas e recreativas nas que tamén poidan participar todos e todas.

n) Promover a renovación das instalacións e equipamento do centro, e vixia-la súa conservación prestando especial atención á eliminación de barreiras arquitectónicas que dificulten a autonomía dos nenos con necesidade específica de apoio educativo por razóns de discapacidade motórica tanto permanente como temporal.

ñ) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa tendo en conta as diferenzas individuais. Non se terán só en conta os resultados relacionados cos contidos senón tamén a convivencia, o respecto e o funcionamento do centro como compensador de desigualdades.

o) Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación de centro, nos termos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza e prestar especial atención a aqueles aspectos que avalíen o nivel de inclusión e respecto ás diferenzas que hai na comunidade educativa xeral e non só os resultados de probas obxectivas que midan contidos curriculares.

- CLAUSTRO DE MESTRES.

a) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro e da programación xeral anual onde se recollerán medidas e actividades encamiñadas ao desenvolvemento deste PAD sempre tendo en conta a lexislación vixente.

b) Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme o proxecto educativo do centro e descartar aqueles que non sigan as liñas do centro propostas no PE e neste PAD.

c) Determinar cal é a lingua materna predominante entre os alumnos e alumnas, así como a lingua ambiental, co fin de que o profesorado de educación infantil e primeiro ciclo a use na clase coidando á súa vez que adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. Terase en conta neste sentido a discriminación que poidan xurdir polo uso das linguas e o respecto pola lingua e cultura propias de Galicia e doutras comunidades ou países considerando o plurilingüismo como unha riqueza e non como unha barreira.

e) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro no eido da atención á diversidade do centro e daquelas metodoloxías e técnicas máis eficaces para a inclusión real, tendo en conta a aprendizaxe ao longo de toda a vida e as teorías que implican desaprender para volver a aprender (flexibilidade)

g) Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellorar o funcionamento do centro.

h) Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos e con eles a correcta atención a todo o alumnado.

i) Aproba-la planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación que non estará baseada só nos métodos tradicionais escritos como anticipabamos no punto anterior.

2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

- EQUIPOS DE NIVEL.

Os equipos de nivel, que agruparán a todos os mestres que impartan docencia nel, son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe de estudos, as ensinanzas propias do nivel.

a) Formularán propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual que en todo caso respectarán a lexislación vixente e terán en conta este PAD como guía e marco da atención á diversidade.

- b) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificación deles que impliquen unha mellora na calidade da educación, entendendo por esta, que cada un aprenda na medida das súas posibilidades dentro da súa zona de desenvolvemento próximo.
- c) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- d) Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica que se baseará neste plan.

- CCP. Como órgano propoñerá as liñas educativas ao claustro para que este plan se leve a cabo e avaliará que estes proxectos se cumpran e non se queden so en boas intencións.

- EDLG: Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro; Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma.

- EAEC. Elabora o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de nivel, dos profesores e dos pais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica. Terá en conta que as actividades que se programen fomenten a convivencia e o coñecemento doutras culturas, discapacidades, linguas, etnias, diversidade de familias.. e que todos os nenos poidan acceder a elas sen discriminación polas súas particularidades tanto físicas como económicas.

- COMISIÓN INTEREQUIPOS. Dada a magnitude do noso centro e co gallo de facilitar a coordinación docente, na procura da mellora educativa o noso centro posúe unha comisión interequipos á que pertence tamén a Orientadora en representación do Departamento. A finalidade é coordinar a proposta de actividades encamiñadas á innovación educativa.

-EQUIPO DE BIBLIOTECA. A biblioteca escolar, entendida como centro de recursos do noso centro, facilitará todo tipo de materiais para a axeitada atención á diversidade, así como colaborará na proposta, deseño e posta en marcha de actividades encamiñadas ao axeitado desenvolvemento deste Plan.

3. TITORES E OUTROS ESPECIALISTAS

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios. Neste sentido os titores poderán prestar reforzo ou apoio noutras aulas, mellor se son do seu propio ciclo ou a outros nenos que así o necesiten sempre e cando teñan dispoñibilidade horaria para facelo.

- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
 - g) Facilitar a inclusión e igualdade de oportunidades do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
 - i) Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos das características, especialmente aqueles casos que presenten problemas específicos co apoio do DO. Evitaranse os eufemismos e tratarase de explicar as dificultades da maneira máis realista posible fomentando o respecto polas diferentes formas de ser e pensar dos demais.
 - l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos poñendo en práctica os consellos metodolóxicos que o Decreto de Atención á Diversidade e a LOMCE propoñen.
 - n) Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo de audiencia dos seus pais ou titores legais e tendo en conta as recomendacións deste plan.
 - ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
 - o) Colaborar co DO nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
 - p) Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro apostando pola innovación educativa.
 - q) Orientar as demandas e inquiredanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
 - r) Informar aos alumnos do grupo, os pais e os profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención ós aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
 - s) Facilitar a cooperación educativa entre os profesores, os pais dos alumnos e os propios alumnos.
 - x) Fomenta-la colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- Os demais especialistas que non sexan titores poderán apoiarse entre si se teñen dispoñibilidade horaria e recibirán apoio e asesoramento por parte do titor e do Departamento de orientación sobre os casos de nenos con NEAE e a mellor maneira de incluílos nas actividades grupais que se realicen. Igualmente poderán solicitar apoio nas súas clases.

4. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

4.1. XEFA/E DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

A xefatura do departamento de orientación terá as seguintes funcións:

- a) Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento.
- b) Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
- c) Participar na elaboración do proxecto educativo e do proxecto curricular de etapa, representando o departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- d) Convocar e presidir as reunións do departamento conforme o procedemento que se estableza.
- e) Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- f) Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.

- g) Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento que se estableza.
- h) Facilitar a colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.
- i) Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ó xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- j) Participar na avaliación de todo o alumnado do centro, especialmente nos niveis que se consideren críticos (inicio da escolarización, fin de etapa de EI, 1º, 3º e 6º EP).
- j) Informar ás familias, colaborar e asesoralas.
- K) Manter relación coas entidades e servizos externos que poidan prestar apoio ao alumnado e/ou familias e orientar estas últimas para beneficiarse dos servizos que presentan.
- l) Intercambiar, previa autorización dos pais, información cos servizos médicos ou asistenciais públicos, colaborando no desenvolvemento do alumno.
- ll) Impulsar formación e actuacións encamiñadas á mellora da atención á diversidade.

A orientadora do centro participará activamente na organización das Xornadas de Formación e Sensibilización sobre a Atención á Diversidade.

4.2. MESTRES PT- AL.

O profesorado de PT e/ou AL atenderá ao alumno ou alumna cando así se contemple especificado no seu informe psicopedagóxico, baixo o asesoramento da orientadora do centro, e a súa actuación adaptarse, na medida do posible, ao prescrito no mesmo. Ademais da atención docente directa que lles corresponda prestar ós alumnos en función das súas necesidades desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Coordinar, en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro dos alumnos con algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- b) Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ó alumnado con necesidades educativas especiais.
- c) Orientar o profesorado que imparta docencia ós alumnos con necesidades educativas especiais, así como a eles mesmos e ós pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- d) Elaborar, en coordinación co profesorado de área, a planificación da súa acción educativa co alumnado con neae.
- e) Colaborar no seguimento e avaliación do alumnado con neae.
- f) Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación das mesmas.
- g) Elaborar, xunto co profesor de área, as adaptacións dos materiais didácticos que o alumnado precise.
- h) Colaborar co titor nas relacións coas familias
- i) Elaborar, para a realización das avaliacións do alumnado, informe individualizado do alumnado co que intervén.
- e) Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais.

O profesorado de audición e linguaxe colaborará na planificación e no desenvolvemento do programa de estimulación da linguaxe oral na educación infantil, no programa de detección de

dificultades da linguaxe en 1º EP e dos programas e accións dirixidas a alumnos estranxeiros con descoñecemento do idioma.

5. PERSOAL NON DOCENTE.

- PERSOAL ADMON. Seguirá a liña establecida neste plan de respecto e tolerancia.
- LABORAL. COIDADORA.

A participación no proceso educativo do coidador-a está regulada polo convenio colectivo do persoal laboral do MEC (18/21/1987) e ten unha especial incidencia nos aspectos de integración, desenvolvemento da sociabilidade, exercitación motriz e potenciación da autonomía do alumnado ao que atende. Entre as súas funcións podemos destacar:

- Prestar servizos complementarios para a asistencia e formación dos escolares con NEE.
- Atención aos escolares con diversidade funcional na ruta escolar, nas súa limpeza e aseo, no comedor e demais necesidades análogas.
- Colaboración co profesorado nos cambios de aulas ou de profesorado dos escolares aos que presta atención e na vixilancia persoal dos mesmos en ausencia dos docentes,
- Colaboración co profesorado na vixilancia dos escolares aos que presta atención nos períodos de recreo.

Compre indicar que non pertencendo o coidador ao colectivo docente, non formando parte da comisión de coordinación pedagóxica nin do DO, poderá ser solicitada de forma puntual a súa intervención en calquera destes órganos, pola súa estreita relación co alumnado con NEAE e na posta en práctica de diversas medidas de atención á diversidade, así como unha estreita e continua colaboración co xefe do DO e o xefe de estudos para o desenvolvemento da súa labor.

6. OUTROS.

- EOE.
- Centro de Saúde.
- ANPA.
- Centro de Formación e Recursos do Profesorado.
- Cruz vermella Betanzos.
- Concellos de Betanzos, Coirós e Paderne.
- Todas aquelas institucións e persoas que poidan achegar a súa colaboración para acadar os obxectivos do presente plan.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Para o adecuado funcionamento das institucións escolares é condición sine qua non a coordinación e colaboración entre os seus compoñentes. Consecuentemente, a optimización do desenvolvemento das medidas de atención á diversidade precisa tamén a colaboración e coordinación entre os implicados nas mesmas.

Esta coordinación farase a través dos órganos de coordinación docente e de goberno e a CCP será o organismo dinamizador e de posta en común e que dé coherencia ao centro. Será fundamental a

coordinación entre a Xefatura de Estudos e a Xefa do Departamento de Orientación para optimizar o desenvolvemento do Plan de Atención á Diversidade .

Ademais será preciso concretar:

1. A coordinación entre o 1º ciclo de Educación Infantil e o 2º ciclo.
2. A coordinación entre educación infantil e educación primaria
3. A coordinación entre educación primaria e educación secundaria obrigatoria
4. A coordinación entre os sucesivos niveis
5. A coordinación cos Servicios Externos ao centro implicados na atención ao alumnado con necesidades educativas.

7.1 Coordinación entre os ciclos de educación infantil.

Partindo do principio de prevención e anticipación ás dificultades para proporcionar a resposta educativa axeitada ás individualidades de cada alumno/a o antes posible, e sendo conscientes de que non todo o alumnado que se escolariza no noso centro no 2º ciclo de EI cursou o primeiro, cremos necesaria unha reunión coas Escolas Infantís do Concello (Municipal e Galiña Azul) para facilitar información sobre o desenvolvemento do alumnado así como aspectos metodolóxicos a ter en conta en función do mesmo.

7.2 Coordinación entre as etapas de educación infantil e educación primaria

O paso da etapa de educación infantil a primaria supón un cambio importante para o alumnado a todos os niveis: cambian os profesores, os espazos, a distribución do tempo, a metodoloxía de traballo, as rutinas da clase, os materiais e os recursos.

Por todo isto, faise necesaria unha articulación que garanta o desenvolvemento progresivo do alumnado sen rupturas ou cambios bruscos. Debemos lograr a maior unidade de ideas e accións posibles, e para iso é preciso coordinar o traballo e as actividades a fin de unificar os criterios e modos de actuación.

Por tanto, á hora de coordinar o paso de una etapa á seguinte, o profesorado de educación infantil e o de primeiro de primaria, terán presente que:

- A programación didáctica debe ter un formato continuado en ambas etapas e debe ser elaborada de forma coordinada polos correspondentes equipos docentes.

- As actividades, os materiais, os recursos, os agrupamentos, os espazos... non deben ser moi diferentes, dando continuidade, na medida do posible, ao experimentado polo alumnado en EI.

- Para fortalecer e consolidar as aprendizaxes debe existir unha continuidade nos principios metodolóxicos:

- ✓ Ambas etapas deben compartir un enfoque globalizador que aproxime ao alumnado ás aprendizaxes desde unha perspectiva integrada e diversa, que presente os coñecementos relativos ás distintas realidades de maneira dinámica e interrelacionada poñendo en conexión e diálogo as diferentes linguaxes expresivas e comunicativas.
- ✓ É importante utilizar unha metodoloxía lúdica, baseada na experimentación e que fomente a capacidade de expresión e comunicación.

- ✓ Utilizar as novas tecnoloxías como un recurso para a aprendizaxe.

- En ambas etapas debe facilitarse o desenvolvemento das competencias clave a través do currículo, do funcionamento e organización dos centros, das actividades complementarias e extraescolares, a través das actividades docentes, e, sobre todo, a través do fomento da lectura.

- Débense compartir uns principios metodolóxicos comúns en relación a aprendizaxe da lecto-escritura. Na etapa da educación infantil débense adquirir os fundamentos, habilidades e competencias necesarias que facilitarán a aprendizaxe da lectoescritura no primeiro nivel de Educación Primaria.

- Hai que procurar coherencia e conexión na aprendizaxe dos contidos das diferentes áreas curriculares. En ambas etapas abordaranse contidos que constitúen a base da aprendizaxe.

O intercambio de información sobre o alumnado é importante. A tal efecto, realizarase unha reunión dos equipos de educación infantil e primeiro nivel de educación primaria ao inicio do curso, segundo a continuidade do profesorado, sen esquecer a importancia da información que se traslada na documentación do alumno: "A posta en común da información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos informes de fin de ciclo e/ou etapa, tanto do profesorado tutor como do departamento de orientación, de ser o caso, formarán parte dese proceso de coordinación". Artigo 41 do Decreto 245/1992, do 30 de xullo. Forman parte desta documentación:

- Informe persoal
- Informe de avaliación inicial
- Informe anual de avaliación individualizado
- Informe individualizado de final de ciclo. Pode substituír ese curso ao informe final anual.
- Informe persoal por traslado, se é o caso.
- Informes do departamento de orientación, da profesora de PT e/ou da profesora de AL, se é o caso.
- Informes de servizos externos dos que se dispoña.

8.1. Coordinación entre educación primaria e educación secundaria obrigatoria

Coa finalidade de facilitar ao alumnado a transición á nova etapa educativa, desenvolverase durante o terceiro trimestre o Programa de Preparación para a ESO, en coordinación co IES Francisco Aguiar, destinado a preparación do alumnado que vai rematar a súa etapa formativa no centro incorporándose ao instituto para iniciar no próximo curso a educación secundaria obrigatoria, e a facilitar información e apoio ás familias que tamén se ven afectadas polos cambios que isto leva consigo.

Coa finalidade de facilitar o intercambio da información máis relevante sobre o alumnado que finaliza a etapa de educación primaria establécese, complementando a preceptiva remisión de documentación que forma parte do expediente do alumno, unha reunión no mes de xuño, con posterioridade á avaliación final de educación primaria, na que participarán os xefes de estudos e orientadoras do colexio e do IES e os titores de 6º de educación primaria.

Nesta reunión intentarase analizar a traxectoria educativa de cada alumno incidindo fundamentalmente en:

- Principais logros e dificultades educativas.
- Circunstancias que poden afectar ao seu rendemento escolar: absentismo, pasividade, escaso cumprimento das normas, así como os seus niveles de responsabilidade, autocontrol, motivación, sociabilidade, etc.
- Nivel de competencia curricular aproximado especialmente nas áreas instrumentais.
- Medidas de atención á diversidade que se desenvolveron e a eficacia das mesmas.

8.3. Coordinación entre niveis

Como xa dixemos en epígrafes anteriores, a transmisión de información do titor que finaliza un nivel co grupo de alumnos ao que comeza un novo con eles é importante. Durante a primeira quincena de setembro os titores deberán manter unha reunión cos do ano anterior para intercambiar información relativa ao alumnado, dinámica de grupo, aspectos metodolóxicos que benefician ou prexudican as aprendizaxes, relacións e pautas de convivencia ... e así previr posibles dificultades.

Esta información completará a proporcionada nos seguintes documentos:

- Expediente académico
- Historial académico de educación primaria
- Informe persoal por traslado, se é o caso.
- Informe de avaliación final de ciclo .
- Informes da orientadora, da profesora de PT e/ou da profesora de AL, se é o caso.
- Informes de servizos externos dos que se dispoña.

Ao remate de cada etapa educativa, aquel alumnado que recibise algún tipo de medida ordinaria ou extraordinaria que precisase do asesoramento por parte do departamento de orientación incorporará, no seu expediente, un informe final de etapa do DO que ten carácter confidencial coa finalidade de reflectir as medidas desenvolvidas co alumno/a ao longo da súa escolaridade, así como as propostas cara a vindeira etapa.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Os pais participarán no goberno do centro educativo a través do Consello Escolar, organizaranse a través da ANPA e terán estreito contacto cos membros da comunidade escolar e, especialmente, cos profesores dos seus fillos e equipo directivo.

O centro educativo debe facilitar e potenciar que isto se faga efectivo no seu día a día a través de:

- No momento da matrícula ou incorporación entregaráselles documentación relativa ao funcionamento do centro e os servizos que ofrece: Departamento de Orientación, profesorado de apoio, programas e proxectos do centro...
- Reunións de tutoría grupal coas familias ao principio de curso
- Atención individual do profesorado os martes de 17.00h. a 18.00 h., ou previa cita segundo necesidades.
- Circulares informativas, de centro e/ou tutoría.
- Información do proceso ao remate de cada avaliación a través dos boletíns trimestrais.
- Atención individual do equipo directivo no horario establecido ao efecto.
- Atención individual da orientadora, previa cita, no horario establecido para tal efecto.
- A páxina web do colexio e blogs de aula.

As medidas de atención á diversidade que se van a aplicar con cada alumno en particular deben ser comunicadas ás familias por parte do titor e, de ser o caso, por parte da orientadora do centro. Deben ser comunicadas de xeito persoal para aclarar motivo, funcionamento e xeito de colaborar.

O centro potenciará tamén a necesaria colaboración con servizos externos como EOE, servizos médicos, Servizos Sociais, asociacións, gabinetes privados etc., mantendo as canles de comunicación protocolizadas (informes e/ou reunións) previa autorización e /ou información das familias.

En colaboración coa ANPA estableceranse actividades para familias e alumnado encamiñadas á mellora da Atención á Diversidade (xornadas formativas, entre outras).

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Os procedementos a seguir en relación coas medidas extraordinarias recóllense no desenvolvemento das mesmas nos epígrafes anteriores e os documentos correspondentes figuran nos seguintes axexos:

Anexo 1: Solicitud de intervención do DO

Anexo 2: Autorización das familias para a realización da avaliación psicopedagóxica

Anexo 3: Compromiso de colaboración familiar para o programa de reforzo educativo para alumnado repetidor

Anexo 4: Información á familia sobre o apoio por parte dos especialistas de AL/PT

Anexo 5: Información á familia sobre a medida extraordinaria a levar a cabo e compromiso de colaboración nos aspectos concretados.

Anexo 6: Documento de información á familia sobre a adaptación curricular

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O Plan de Atención á Diversidade estará suxeito a un proceso continuo de seguimento e avaliación de tal forma que, anualmente, se establezan as modificacións e áreas de mellora pertinentes para axustar a resposta educativa ás necesidades do propio centro e do alumnado nel escolarizado.

O proceso a seguir será:

- Análise e avaliación nas reunións de nivel e dos Equipos docentes.
- Análise e avaliación no Departamento de Orientación
 - Posta en común na CCP
 - Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro de Profesores.
 - Inclusión das valoracións na Memoria Anual

No momento de redactar a PXA, no primeiro mes de cada curso, redactarase a súa concreción anual tendo como base as conclusións do curso anterior e ás realidades nese momento.

A xefatura de estudos e do departamento de orientación convocarán, polo menos, unha reunión de coordinación xeral previa no primeiro mes de curso e outra a primeiros de xuño para a súa revisión. Nesta reunión analizaranse os resultados da enquisa de valoración do desenvolvemento do plan facilitada ao equipo docente. (Ver anexo)

Realizarase unha avaliación continua para o seguimento das propostas individualizadas, e ao remate de curso, no caso do alumnado que recibiu medidas extraordinarias, cumprimentarase un informe onde se reflectirá, ademais do traballo desenvolto, a valoración das medidas adoptadas e as propostas para o próximo curso.

O presente plan foi presentado ao Claustro, avaliado polo Consello Escolar e aprobado polo Director en Betanzos, a día 26 de xaneiro de 2016.

Asdo. Lucía Ruiz Casal
Xefa do Departamento de Orientación

Asdo. M^a Luisa Martínez Duarte
Xefa de Estudos

Asdo. Alejandro Sánchez Amado
Director do CEIP Francisco Vales Villamarín

ANEXOS

- ✓ Solicitud de intervención do DO
- ✓ Autorización das familias para a realización da avaliación psicopedagóxica
- ✓ Compromiso de colaboración familiar para o programa de reforzo educativo para alumnado repetidor
- ✓ Información á familia sobre o apoio por parte dos especialistas de AL/PT
- ✓ Documento de información á familia sobre a adaptación curricular
- ✓ Cuestionario avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade



SOLICITUDE INTERVENCIÓN DO

_____ pai, nai, titor/a legal ou mestre titor/a de _____

solicita o asesoramento e intervención por parte do Departamento de Orientación para o alumno/a:

Motivo da demanda – necesidades educativas detectadas

Resumo dos datos de expediente

Datos físicos e de <u>saúde</u> relevantes

Datos <u>pedagóxicos salientables</u> e medidas educativas adoptadas ata o momento

Tipo de intervención que demanda

Asdo.

Betanzos, a _____ de _____ de 20__



R/ Carregal, 4
15300 BETANZOS A CORUÑA
Tlno 081 770 017; Fax 081 770 481
ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/valesvillamarin/>

**AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A REALIZACIÓN DA
AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA
(intervención do Departamento de Orientación)**

Alumno/a:

Data de nacemento: Nivel:

Titor/a:

Domicilio familiar:

Teléfono:

D./Dª,

con DNI, pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda)

deste/a alumno/a, fun informado/a da conveniencia da realización dunha avaliación

psicopedagóxica, tal como se recolle na Orde do 31 de outubro de 1996 (DOG do

19-12-1996), por parte do/a xefe/a do Departamento de Orientación co fin de avaliar

as necesidades educativas que poida presentar o meu fillo/a e que permitan a posterior

adopción das medidas de atención educativa oportunas.

Para tal valoración, si é preciso, o/a orientador/a do centro solicitará a colaboración de

servizos externos ao centro, como por exemplo: centro de saúde, especialista, Equipo

de Orientación Específica dependente da Consellería de Educación, outros.

Polo que:

AUTORIZO

NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta
avaliación)

..... de de 20.....

O/A pai/nai, ou titor/a legal
(Sinatura)

O/A titor/a
(Sinatura)

.....

.....

PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA ALUMNADO REPETIDOR

COMPROMISO DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

Durante o curso o/a alumno/a de nivel vai seguir un plan individual de reforzo educativo co obxecto de superar as súas dificultades de aprendizaxe, do que a súa familia recibiu contada información.

Para acadar o éxito do programa en calidade de pai/nai/titor legal, comprometémonos a colaborar nas seguintes tarefas:

-
-
-
-

Realizarase seguimento continuo e haberá unha fluída comunicación escola – familia.

....., de de

Asdo.

Pai/nai/titor legal

AUTORIZACIÓN INTERVENCIÓN AL/PT



CURSO 2015-2016

AUTORIZACIÓN MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Don/Dona.....pai, nai, tutor/a de
escolarizado no
 presente curso académico no CEIP Francisco Vales Villamarín en¹de²
AUTORIZO a que se leven a cabo as medidas de atención educativa oportunas por parte do/a
mestre especialista en:

	PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA
	AUDICIÓN E LINGUAXE

coa finalidade de mellorar o seu desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo.

Betanzos, de de 20.....

O pai, nai, tutor

Asdo.

¹ Curso: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º

² Etapa: EI (Educación Infantil); EP (Educación Primaria)

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA AC

D/Dona:

con D.N.I. número:

- Pai
- Nai
- Representante Legal

do alumno :

fun informada do contido desta adaptación curricular realizada para

- O meu fillo/a
- O meu representado/a

e da posibilidade de recurrir, en caso de desacordo, diante da Dirección do Centro e da Inspección Provincial de Educación.

Betanzos, a de de 20....

Sinatura:

CUESTIONARIO AVALIACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN
CURSO: 20.....- 20.....
NIVEL EDUCATIVO:

RESPECTO A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Medidas de carácter ordinario levadas a cabo en relación a espazos, recursos, metodoloxías...:	
Programas desenvolto:	
Número de alumnado que precisou de reforzo educativo	
Número de alumnado repetidor con Plan de Reforzo	
Número de sesións de apoio por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria	
Número de alumnado que recibiu apoio por parte de mestre AL	
Número de alumnado que recibiu apoio por parte de mestre PT	
Número de alumnado estranxeiro que foi obxecto dalgunha medida extraordinaria	
Número de demandas de intervención solicitadas ao DO	
Número de alumnado que foi obxecto da avaliación psicopedagóxica.	
Número de alumnado con AC	
Número de alumnado que non promociona ao curso seguinte	
Número de alumnado proposto para flexibilización extraordinaria (EI ou 6º EP. Sobredotación)	
Outras medidas de atención á diversidade levadas a cabo (por exemplo: desdobre, agrupamento...)	

PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O PRÓXIMO CURSO:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

A coordinadora de nivel

Betanzos, de xuño de